



TRABALLO FIN DE GRAO (TFG)



Validada pola Comisión de
Garantía Interna de Calidade
e Aprobada pola Xunta de Centro
Ourense, día 9 de marzo de 2023





**NORMATIVA DO TRABALLO FIN
DE GRAO
(TFG) ¹**

**Validada pola Comisión de Garantía Interna de Calidade
e Aprobada pola Xunta de Centro**

Ourense, día 9 de marzo de 2023

¹ Ao amparo da Normativa para a realización do Traballo de Fin de Grao da Universidade de Vigo (aprobada no Consello de Goberno o 15 de xuño de 2016 e modificado o 13 de novembro de 2018 e o 31 de outubro de 2022).

PREÁMBULO

O Real decreto 822/2021 do 28 de setembro polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais e do procedemento de aseguramento da súa calidade, dispón no capítulo III “Organización básica das ensinanzas universitarias oficiais de Grao”, artigo 14.6, que “o traballo de fin de Grao (en adiante TFG) é de carácter obrigatorio e cuxa superación é imprescindible para a obtención do título oficial”.

As Memorias dos Títulos de Grao que se imparten na Facultade de Educación e Traballo de Ourense (en adiante, FETS), avaliadas positivamente pola ANECA, inclúen a elaboración e exposición do referido TFG por parte do alumnado do derradeiro curso dos planos de estudos e dispón que o centro aprobará unha normativa interna para a súa xestión.

O citado Real decreto 822/2021, no seu artigo 10.3 sinala que “non poderán ser recoñecidos os créditos que se corresponden a traballos de fin de Grao ou de Máster, a excepción daqueles que se desenvolvan especificamente nun programa de mobilidade”.

Así mesmo, o Consello de Goberno aprobou, na súa sesión do 15 de xuño de 2016, a *Normativa para a realización do Traballo de Fin de Grao*, que recolle as directrices xerais relativas á definición, elaboración, presentación, defensa, avaliación e tramitación administrativa dos TFG. Esta normativa foi revisada e modificada o 13 de novembro de 2018 e o 31 de outubro de 2022. No artigo 2.5 da última versión dispónse que cada centro desenvolverá a citada normativa nun regulamento interno aprobado pola Xunta de Centro.

Para dar cumprimento ao anterior elaborouse a presente normativa.

NORMATIVA

Artigo 1. Obxecto desta normativa

A presente normativa ten por obxecto regular a definición, titoría académica, procedemento de elaboración, presentación pública, avaliación e revisión do TFG nos Graos que se imparten na FETS.

Artigo 2. Definición do TFG e ámbito de aplicación

1. O TFG forma parte do plan de estudos de todo título oficial de Grao. Nos Graos que se imparten na FETS equivale a 12 ECTS no Grao de Educación Social e a 6 ECTS nos Graos de Traballo Social, Educación Infantil e Educación Primaria.
2. As tarefas de titorización, avaliación e cualificación dos TFG forman parte das obrigas docentes do profesorado. A FETS garantiralles ao alumnado a súa titorización.

3. O TFG estará orientado a que o alumnado amose a capacidade de integración de diversos contidos formativos e competencias asociadas ao título, axustándose ao contemplado en cada unha das memorias respectivas dos graos e á súa concreción nas guías docentes.
4. O TFG é un traballo persoal e orixinal (tanto no título como nos contidos) que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo a titorización docente que en ningún caso pode ser un traballo presentado con anterioridade polo/a estudante nalgunha materia de calquera titulación, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos feitos en actividades doutras materias do Grao.
5. O feito de que o TFG sexa un labor persoal non exclúe que, para desenvolver unha proposta de envergadura suficiente, poidan participar varios/as estudantes, cada quen cunha parcela precisa da tarefa global. Este feito será autorizado pola Comisión de coordinación de TFG da FETS. Neste caso o alumnado implicado nun mesmo traballo compartirá a persoa titora e terá o mesmo tribunal de avaliación, mentres que a presentación, defensa e avaliación serán individuais.
6. O TFG poderá elaborarse en institucións ou empresas externas á Universidade de Vigo, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Nese caso existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa. A persoa titora académica compartirá coa persoa cotitora as tarefas de dirección e orientación do/a estudante e será, en calquera caso, responsabilidade da titora académica facilitar a xestión.
7. No caso de traballos de fin de grao realizados noutra universidade, desenvoltos especificamente nun programa de mobilidade, será de aplicación o disposto no art. 9 da Normativa para a realización do TFG da Universidade de Vigo.
8. A redacción dos traballos de fin de grao da FETS deberá respectar o emprego dunha linguaxe inclusiva.
9. A avaliación do TFG será responsabilidade dun tribunal constituído de acordo co establecido no art. 8 da *Normativa para a realización do Traballo de Fin de Grao* aprobada no Consello de Goberno con data 15 de xuño de 2016 e modificado o 13 de novembro de 2018 e o 31 de outubro de 2022.
10. A Guía Docente do TFG será elaborada polo/a coordinador/a responsable da materia.
11. A FETS elaborará unha Guía Didáctica do TFG con orientacións académicas e de estilo para a presentación escrita e a defensa oral do TFG, incluíndo os procedementos e documentación necesaria.
12. A FETS establecerá un “Calendario de TFG” no que se estipularán o cronograma e as datas de todo o procedemento relacionado co TFG.

Artigo 3. Matrícula

1. Para poder matricularse no TFG será requisito imprescindible ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.
2. A matrícula realizarase nos períodos oficiais de matriculación dos estudos de grao, dando dereito a dúas oportunidades de avaliación, sempre que se cumpran os requisitos para a súa defensa.
3. O alumnado que non se atope matriculado nas datas de apertura da Secretaría Virtual para a escolla do profesorado titor de TFG non será identificado como "alumnado en activo" pola mesma e, polo tanto, non poderá facer a súa elección a través da plataforma. Deberá notificar á Coordinación do TFG do seu Título a regularización da matrícula para que, a partir dese momento, lle sexa asignado un/unha titor/a de entre aqueles que teñan prazas dispoñibles.

Artigo 4. Titorización do TFG

1. A titorización consistirá en supervisar a elaboración e orientar ao estudantado na temática, metodoloxía, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao TFG, así como facilitar a súa xestión, dinamizar e colaborar en todo o proceso ata a súa presentación e defensa.
2. Poderá actuar como persoa titora calquera docente da FETS, así como outros docentes da Universidade de Vigo. Neste último caso, co visto e prazo da Comisión de coordinación de TFG da FETS. No caso en que non sexa profesora ou profesor da FETS, levarase a cabo en réxime de co-titoría, sendo un dos titores/as docente do centro.
3. Se a natureza do TFG así o requirise, poderanse establecer equipos titoriais que asumirán as tarefas de titorización nos termos que establece o centro.
4. Garantiráselle a todo o alumnado matriculado no TFG a titorización correspondente, estando consideradas as tarefas de orientación, avaliación e cualificación dos TFG, obrigas docentes do profesorado, establecendo a Universidade de Vigo a forma do seu recoñecemento.
5. Cando entre as persoas titoras se dean casos de baixa prolongada ou finalización da súa vinculación coa Universidade de Vigo, a coordinación do TFG do título será a responsable da substitución das persoas titoras. Para a asignación do novo titor/a, o coordinador/a do TFG (escoitada a persoa que titoriza) procurará un substituto/a que poida dar continuidade ao traballo iniciado.

Artigo 5. Autoría

Cada estudante ten dereito ao recoñecemento da autoría do traballo de fin de grao elaborado e á protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode compartirse coas persoas titoras, coas cotitoras e coas entidades públicas ou privadas ás que pertencen, nos

termos e condicións previstas na lexislación vixente. A persoa titular dos dereitos poderá autorizar a difusión do seu traballo no repositorio institucional da UVigo; debendo, no caso de varias persoas titulares, todas elas estar de acordo na dita autorización.

Artigo 6. *Propostas temáticas para o TFG*

1. O profesorado da FETS rexistrará durante o mes de setembro as propostas temáticas para a realización do TFG. O dito rexistro realizarase dende a secretaría virtual do docente e deberá facerse para cada unha das titulacións ás que van dirixidas.
2. A coordinación do TFG de cada título será a responsable da revisión na secretaría virtual da listaxe de titores/as coas respectivas propostas temáticas ofertadas, que estarán necesariamente relacionadas cos contidos específicos da titulación.
3. Fixarase un prazo para que o alumnado formalice a solicitude de adscrición ás propostas temáticas ofrecidas polas titoras/es académicos. Este proceso será realizado dende a secretaría virtual de cada estudante.

Artigo 7. *Asignación de propostas temáticas e titores/as académicos/as*

1. Para a asignación das propostas temáticas/titor-a tomarase en conta o expediente académico do estudante.
2. De xeito subsidiario ao disposto no artigo previo, o centro garantirá que o estudantado das titulacións que dispoñen de itinerarios/mencións, poidan realizar o TFG dentro da temática do itinerario que estea a cursar, sempre que se dispoñan dos recursos humanos necesarios.
3. O proceso de asignación de titor/a realizarase a través da secretaría virtual. A través dos coordinadores de TFG de cada título, o centro dará publicidade das adxudicacións definitivas da titorización de cada estudante.
4. Poderase reclamar ante a/o Presidenta/a da Comisión de coordinación de TFG da FETS a adxudicación recibida no prazo de sete días naturais dende a súa publicación.
5. Antes do inicio do segundo cuatrimestre, o alumnado poderá coñecer a través da secretaría virtual o/a titor/a que lle foi asignado.
6. De producirse algún caso de falta de adscrición (por problemas informáticos, de matrícula ou doutra índole), a Coordinación do TFG asignaralle manualmente un/unha titor/a dos que aínda teñan prazos dispoñibles e, a ser posible, cunha liña de investigación que lle interese ou sexa o mais semellante posible á solicitada.
7. A adxudicación da titorización e da temática para o TFG terá unha validez de dous cursos académicos. Finalizado este prazo, agás solicitude expresa do estudante ou titor/a, a dita adxudicación será prorrogada automaticamente.

8. Non obstante, o estudante poderá solicitar un cambio xustificado tanto da titora ou titor como do tema do seu traballo. Do mesmo xeito, a persoa titora tamén poderá solicitar cambio de estudante asignado e dos temas ofertados. En ámbolos dous casos, ditos cambios deberán solicitarse á Comisión de coordinación de TFG da FETS que deberá autorizalos.

Artigo 8. *Solicitud de presentación e defensa do TFG*

1. O alumnado solicitará a través da secretaría virtual a defensa do TFG (non é necesaria a entrega impresa nin do xustificante de solicitude), unha vez emitido o informe favorable da persoa titora.
2. O alumnado deberá subir á súa secretaria virtual o arquivo dixital do TFG en pdf, que non poderá superar o peso de 4 MB. Ademais, entregará o seu TFG de xeito dixital en Moovi, nun único arquivo pdf, neste caso a través do apartado "Exercicios/Tarefas". Non é necesaria a entrega impresa do TFG.
3. Rematado o prazo de depósito dos TFG, a/o coordinador/a de TFG de cada Grao dará publicidade á data de defensa, reservará a aula de lectura e convocará aos estudantes en intervalos de trinta minutos. A data, hora e lugar para o acto de defensa será publicada en Moovi no apartado «Convocatoria Defensa TFG». A orde de actuación será alfabética.

Artigo 9. *Acto de presentación e defensa pública do TFG*

1. O acto de exposición e defensa do TFG será realizado de forma presencial polo/a alumno/a en sesión pública na data e hora asignada. A Comisión de coordinación de TFG, con carácter excepcional e tras a petición formal e motivada polo/a estudante e a persoa titora poderá autorizar a defensa a distancia de xeito virtual, sempre e cando concorran as condicións técnicas, administrativas e económicas que permitan a súa viabilidade.
2. A exposición durará un máximo de dez minutos. O tribunal unipersonal disporá de cinco minutos para formular as cuestións relativas ao TFG que considere oportunas e o alumno ou alumna dun máximo de cinco para responder a estas.
3. O alumno/a exporá, no tempo máximo indicado, unha síntese do TFG e dos principais resultados e conclusións acadados.

Artigo 10. *Avaliación e cualificación do TFG*

1. O TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. A unidade administrativa responsable da área académica do alumnado da FETS deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación.
2. O TFG cualificarase conforme á seguinte escala numérica de 0 a 10 puntos, con expresión dun decimal:

- 0 - 4,9: Suspenso.
5,0 - 6,9: Aprobado.
7,0 - 8,9: Notable.
9,0 - 10: Sobresáinte.
3. A cualificación (de 0 a 10) realizarase de xeito motivado seguindo os criterios establecidos na rúbrica de avaliación contemplada na Guía Didáctica do TFG.
 4. Cando un TFG fose cualificado con 9 ou 10, o tribunal poderá propoñer a mención de «Matrícula de Honra» (MH). Dita proposta deberá ser comunicada á Coordinación de TFG mediante correo electrónico ao finalizar o acto de defensa e avaliación.
 5. A Comisión Permanente da FETS nomeará cada curso académico e para cada título de Grao unha comisión encargada de avaliar e outorgar, se procede, as “Matrículas de Honra” en cada convocatoria. Esta comisión formada por un total de 6 membros (3 titulares e 3 suplentes) e será constituída mediante sorteo entre todos os/as titores/as de TFG do título que desempeñen a súa función docente a tempo completo. Os suplentes actuarán no caso de que algún membro da comisión realice funcións de titor/a en relación aos traballos obxecto de avaliación.
 6. Cada Comisión actuará en todas as convocatorias oficiais de cada curso académico e, sempre que sexa posible, empregaranse mecanismos que impidan que recaia nas mesmas persoas a súa pertenza á devandita Comisión en cursos académicos sucesivos, mentres non se esgote o profesorado integrante.
 7. No caso de que a cualificación final do TFG non acade a cualificación mínima de aprobado (5,0), o tribunal de avaliación deberá indicar mediante informe escrito aqueles aspectos susceptibles de corrección e mellora para conseguir a devandita cualificación na seguinte convocatoria. Este informe será comunicado ao alumno/a mediante correo electrónico, con copia para a coordinación de TFG do título correspondente.

Artigo 11. Tribunal avaliador do TFG

1. O TFG será presentado e defendido polo seu autor ou autora diante dun tribunal unipersonal que estará constituído pola persoa titora do TFG, agás nos casos en que non sexa posible, nos que será a Comisión de coordinación de TFG quen nomee como tribunal unipersonal a outro profesor/a, escoitado o titor/a.
2. No caso dunha codirección na que interveña unha persoa allea á FETS formará parte do tribunal o/a docente da devandita Facultade.
3. A pertenza da persoa titora ao tribunal unipersonal forma parte das obrigas docentes do profesorado da Titulación e será irrenunciable, a non ser que concorran as circunstancias establecidas na normativa vixente.

4. A persoa que integre o tribunal unipersoal será a responsable de subir a Moovi, no apartado «Notas provisionais - Actas de cualificación», as actas de cualificación provisionais e a data de revisión para a súa consulta polo alumnado (ver guía didáctica). Ademais, deberá cubrir e asinar as actas oficiais na secretaría virtual, achegando a rúbrica individualizada de cualificación do tribunal (ver guía didáctica).
5. A entrega de actas dos TFG estará rexida polos tempos máximos de entrega de actas fixados no calendario académico oficial da Universidade de Vigo.

Artigo 12. Revisión de cualificación do TFG

1. Na data e hora establecida o/a alumno/a poderá acudir á revisión da cualificación outorgada ao seu TFG ante o tribunal unipersoal. No caso do alumnado proposto para Matrícula de Honra (MH) poderá facelo ante a comisión responsable.
2. Trala revisión da cualificación ante o tribunal unipersoal e/ou a comisión correspondente e a determinación das cualificacións finais, o/a estudante que estivese desconforme coa puntuación conferida pode, nun prazo de quince días naturais, solicitar a revisión da proba. A dita solicitude de revisión motivada presentárase a través da sede electrónica da Universidade de Vigo, dirixida ao decanato da FETS, que a derivará á Comisión de coordinación de TFG para a súa valoración. O prazo para a súa resolución será de tres semanas dende a súa recepción.

Artigo 13. Normas supletorias

En todos aqueles aspectos non previstos nesta normativa será de aplicación a Normativa para a realización do TFG da Universidade de Vigo e demais normativas vixentes.

Disposición final

A presente Normativa entrará en vigor no curso académico 2023-2024.

